



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Bioloxía

Curso Académico: 2017/2018

Índice

1. Introducción.....	2
2. Seguimento do do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.....	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	9
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	17
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos; Error! Marcador no definido.	
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	28
Directriz 6. Información pública	31
3. Plan de Melloras do centro	33
4. Modificacións nos diferentes títulos	48
5. Listaxe de evidencias e indicadores	49

1. Introducción

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da Bioloxía.

Foi creada en 1977 ao amparo do Decreto 1975/1973, de 26 de xullo (OM de 14 de outubro/BOE/11-XI-77) e, en 1982 inagúrase o edificio que a alberga na actualidade que xa foi ampliado e reformado (as obras remataron en 2013). Ademais, no ano 2008 inagúrase un novo edificio de investigación chamado CIBUS (Centro de Investigacións Biolóxicas da USC), vinculado parcialmente á Facultade de Bioloxía e localizado ao carón dela, no Campus Vida que alberga os membros de catro Áreas de Coñecemento (Bioloxía Celular, Bioquímica e Bioloxía Molecular, Microbioloxía e Xenética). No edificio da Facultade de Bioloxía están ubicadas as áreas de coñecemento de Antropoloxía, Botánica, Ecoloxía, Edafoloxía e Química Agrícola, Fisioloxía, Fisioloxía Vexetal e Zooloxía. Nestes edificios, ademais das aulas, laboratorios e biblioteca, ofrécense espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de graos, salas de conferencias, salón de actos e cafetería. Dispón doutras importantes instalacións para a investigación e docencia como son os invernadoiros e o acuario. Deste xeito, constitúese unha contorna na que se promove a formación universitaria integral.

Dende a Facultade de Bioloxía somos conscientes da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia. Por iso, tomando como referencia a política de calidade da USC marcouse como obxectivo principal o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos distintos grupos de interese.

En febreiro de 2018 a USC, co obxecto de simplificar o SGC dos centros, elaborou un documento marco do manual de calidade e do manual de procesos de centro. Como consecuencia de esto a Facultade de Bioloxía adaptou a súa documentación ao novo marco dando lugar a [3ª edición do Manual de Calidade da Facultade de Bioloxía](#).

O interese pola mellora da Calidade levounos a participar no proceso de acreditación institucional (RD 420/2015 do 9 de maio). Despois da obtención da certificación institucional por parte da ACSUG con data 25/06/2018, modificouse o regulamento de rexime interna (RRI) para adaptalo ao SGC.

Cumprindo o indicado no "[Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2016/2020](#)" (PE) abordouse a mellora da oferta formativa. Así, no curso 2017/18 foron verificadas, polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, as memorias de dous novos títulos: o *Grao en Biotecnoloxía* e o *Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión*, que comenzarán a impartirse no curso 2018/2019.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2017/2018, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía, ao seu seguimento e ao plan de melloras dos títulos impartidos e adscritos ao centro, e que están coordinados pola Universidade de Santiago. A Memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade de Facultade de Bioloxía (data de aprobación 8/04/2019),

revisada pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos (informe favorable con data d 2/05/2019) e presentada en Xunta de Facultade donde foi aprobada o 15 de maio de 2019.

Estrutura da Facultade de Bioloxía para o desenvolvemento do SGC

Ámbito de aplicación: O ámbito de aplicación do SGC atinxe a todas as titulacións impartidas e adscritas ao centro, tanto de grao como de mestrado universitario, e a todas as persoas da Facultade: alumnado de grao e máster, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade de Bioloxía vixentes durante o curso 2017/18 foron:

- Grao en Bioloxía
- Dobre Grao en Química e Bioloxía
- Máster en Acuicultura (3ª ed.)
- Máster en Neurociencia (2º ed.)
- Máster en Bioloxía Mariña

Os títulos de máster son interuniversitarios, participando neles as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Os Máster en Acuicultura e o Máster en Neurociencia están coordinados pola Universidade de Santiago de Compostela e o Máster en Bioloxía Mariña pola Universidade de Vigo. O Dobre Grao en Química e Bioloxía está coordinado pola Facultade de Químicas da USC.

Documentación de referencia: Considérase documentación de referencia, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC); o Manual do SGC, o Manual de Procesos e os Protocolos do centro, e a documentación que se inclúe a continuación:

- [Memoria do Grao en Bioloxía da USC](#)
- [Memoria do Grao en Biotecnoloxía da USC](#)
- [Memoria do Máster en Acuicultura \(3ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster en Neurociencia \(2ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster en Bioloxía Mariña](#)
- [Memoria do Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión](#)
- [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\) da Facultade de Bioloxía](#)
- RRI dos departamentos adscritos a Facultade de Bioloxía
- RRI do Máster Interuniversitario en Acuicultura
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña

Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía: Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade (CC), as comisións de título, o/a responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía, así coma no seu Regulamento de Réxime Interno. A composición da [Comisión de Calidade](#) pode consultarse na páxina web da Facultade de Bioloxía.

Tal e como consta no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, entre as funcións da Comisión de Calidade están:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade do centro (MCC), que engloba os distintos informes e memorias: informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora; e as memorias de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título.

Durante o curso 2017/18 as actuacións máis relevantes foron as seguintes:

- Elaboración do Manual do SGC (3ª edición), do Manual de Procedementos e dos Protocolos propios.
- Obtención da Certificación da implantación do SGC do centro pola ACSUG.
- Modificación do Regulamento de Réxime Interno para adaptalo ao SGC
- Elaboración da memoria de calidade do curso 2016/17 que inclúe o seguimento dos títulos impartidos no centro.
- Modificación da Memoria do Máster en Acuicultura
- Aprobación das memorias e posta en funcionamento (elaboración de horarios e de guías docentes das materias) de dous novos títulos:
 - o Grao en Biotecnoloxía
 - o Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión.

Seguindo as indicacións da Comisión de Certificación sobre a Implantación do SGC da Facultade de Biología, as [actas](#) das reunións celebradas pola Comisión de Calidade no curso 2017/2018 están dispoñibles na web da Facultade de Biología.

2. - Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras de cada título, ou en conxunto do centro (as accións de mellora terán un apartado específico pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- Os procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua nas Facultades da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten o seguimento do ciclo, Verificación-Seguimento-Modificación-Acreditación (VSMA) nos títulos que imparten, de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, así como a creditação institucional deses centros, de acordo co RD 420/2015. O SGC marco da USC está deseñado seguindo o modelo da axencia de calidade autonómica, ACSUG, e está articulado en 6 directrices que dan resposta aos criterios e directrices europeos para a garantía da calidade (ESG).

• Vixencia da Política de Calidade

A política de calidade da Facultade de Bioloxía mantense vixente e actualizada, tal e como indica a acreditación institucional da Facultade de Bioloxía (informe favorable da ACSUG con data 25/06/2018). Durante este proceso, atendendo as recomendación dos expertos avaliadores e coa axuda da área de Calidade e Mellora dos Pocedementos da USC (ACMP), elaborouse o [Manual do SGC da Facultade de Bioloxía](#) (3ª edición, aprobado 06/04/2018), así como do [Manual de Procesos](#) e os [Protocolos](#) propios do centro.

Esta documentación inclúe a metodoloxía necesaria para obter a información necesaria para analizar o funcionamento dos títulos que se imparten no centro, detectando debilidades na implantación dos mesmos e posibilitando deste xeito a formulación de accións de mellora. A efectividade do sistema analízase a través da análise dos indicadores establecidos que se intentan mellorar. Desta maneira a consecución dos obxetivos da política de calidade baséanse no proceso sistemático e cíclico de mellorar, planificar, desenvolver e actuar.

• Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro.

O Plan Estratéxico (PE) da Facultade de Bioloxía foi elaborado no ano 2017 cunha vixencia de tres anos (2017-2020). Nel inclúese a Misión, a Visión e os Valores da Política de Calidade da Facultade de Bioloxía. A reflexión sobre as forzas e as debilidades formúlase en catro liñas estratéxicas centradas na calidade da docencia, calidade da investigación, o sistema de garantía de calidade (SGC) e as relacións coa sociedade.

Pese a o pouco tempo transcorrido dende a súa aprobación, o grao de cumprimento é bastante elevado. Destaca sobre todo a consecución do obxectivo estratéxico "1.2 Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudantado" (da liña estratéxica "1 Calidade da docencia") xa que foron verificadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte as memorias de dous novos títulos (Grao en Biotecnoloxía e Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión); o que facilitará a atracción do talento (obxectivo estratéxico "1.3 Mellorara a atracción do talento"). Para as dúas novas titulacións deseñáronse e aprobaronse as guías docentes das materias e elaboráronse os horarios para que comencen a impartirse no curso 2018/19.

Debido a falta de financiamento non foi posible abordar a mellora das infraestruturas docentes contemplada no obxectivo estratéxico "1.1.- Mellorar as infraestruturas docentes do Centro" da liña estratéxica "1 Calidade da docencia" (dotación de 4 laboratorios para docencia práctica).

• Evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras do centro (e dos títulos que se imparten)

Os procedementos de avaliación e mellora da calidade desenvolvéronse de acordo ao establecido no SGC. A nivel do centro destacan a execución da meirande parte das accións de mellora incluídas na memoria de calidade do curso 2016/2017 como son: Modificación e publicación do Manual do SGC, do Manual de Procesos e dos Protocolos Propios (AM1), Implantación do Grao en Biotecnoloxía e do Master en Biodivesidade Terrestre (AM3) e a Reestructuración e actualización da páxina web da Facultade de Bioloxía (AM5). Neste último caso aínda son necesarias máis melloras que deberán ser levadas a cabo en colaboración cos servizos de comunicación e informáticos da USC, xa que estase a traballar conxuntamente entre os centros e os servizos centrais.

En relación a Modificación da Memoria do Grao en Bioloxía (AM2), cumpríronse as tarefas AM2.1 (nomeamento da comisión) e AM2.2 (presentación da declaración de intencións de modificación da Memoria) e está avanzada, pero pendente de finalización, a redacción da nova memoria do Grao en Bioloxía (AM2.3); polo que esta acción será prorrogada para o próximo curso.

Por cuestións administrativas non foi posible a reestructuración da unidade de xestión de centros e departamentos (AM6) e, por falta de financiamento, non foi posible completar todas as tarefas de mellora das infraestruturas (AM7), sobre todo non se puideron dotar os catro laboratorios de prácticas que carecen de calquera tipo de instalación (AM7) aínda que dende o centro insistíuse na necesidade para poder impartir unha docencia de calidade.

No tres títulos de máster que son interuniversitarios (Máster de Acuicultura, Máster de Bioloxía Mariña e Máster de Neurociencia) as accións foron perfectamente coordinadas entre as universidades participantes.

Grao en Bioloxía (GB)

O grao de cumprimento do Plan de Mellora do Grao de Bioloxía (GB) foi completo. Para a mellora das taxas de rendemento académico (AM4) implantouse a materia de nivelación Química (tarefa AM4.1) e un programa piloto cun horario modular para o alumnado de 2º curso (tarefa AM4.2), instouse ao reitorado a reducir por normativa o módulo de alumnos por grupo e a contabilizar a totalidade do alumnado repetidor (AM4.3) e se incrementou o número de convenios Erasmus.

Máster en Acuicultura

Das 3 accións de mellora que se propoñían, dúas foron completadas ó cen por cen, e unha só parcialmente:

- 1/ Modificación do máster e implantación da modificación: foi completada e o novo máster estase a impartir no curso actual-
- 2/ Modificación da enquisa de satisfacción do alumno polas materias do máster de acuicultura, incluíndo expresamente unha

pregunta sobre qué competencias consideran que teñen adquirido, de entre as indicadas na guía: cambiose, e será a enquisa de aplicación no curso actual.

3/ Convertir en obriga, para os coordinadores de materias, informar á Comisión Permanente sobre a organización da docencia entre os distintos docentes no calendario académico: non se aplicou como tal, porque non podemos obrigar a ninguén, de modo que se pediu encarecidamente (poucos enviaron a información).

Máster en Neurociencia

En relación co plan de melloras proposto no curso anterior, elaborouse un póster informativo sobre a titulación (Tarefa 1 da AM2), o cal será utilizado para darlle unha maior difusión ao título fora da nosa Comunidade (AM prorrogada). Por outra parte, dado o número de alumnos/as titulados en Psicoloxía e Medicina que se matriculan no Máster, novos grupos de investigación incorporáronse ás liñas de investigación nas cales os alumnos/as poden realizar o TFM se o desexan (AM3). En relación co seguimento e adquisición de diversas competencias transversais do título, no Informe do titor/a do TFM incluíuse un cadro onde este valora numéricamente (1-5) a adquisición de diversas competencias por parte do alumno/a que titoriza (AM4).

• Procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade

A Facultade de Bioloxía obtivo a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade en xullo de 2018 polo que nestes momentos estamos desenvolvendo a implantación do mesmo. Unha vez aprobado o SGC da Facultade de Bioloxía, foi necesaria a modificación do RRI (aprobada pola Xunta de Facultade o 12 de marzo de 2018).

O SGC conta con protocolos propios para mellorar a información sobre o desenvolvemento da docencia que se detallan a continuación:

Enquisas ao alumnado de Grao:

- enquisa propia de perfil de ingreso (alumnos/as matriculados en 1º curso)
- enquisa de materias (realizadas desde a coordinación sobre o desenvolvemento da docencia)

Elaboración de informes en relación a docencia de Grao:

- informe de autoevaluación de materias
- informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia
- informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente
- informe sobre asignaturas suspensas polas que os alumnos non defenden o traballo fin de grao (TFG)
- informe do equipamento de prácticas
- informe dos recursos bibliográficos
- método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos de grao
- informe de abandono

• Información relativa á satisfacción dos grupos de interese

Os resultados das enquisas realizadas aos distintos grupos de interese (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos –PAS) da Facultade de Bioloxía indican a elevada satisfacción global dos distintos colectivos coas actividades realizadas no Centro. No caso do PAS, os valores do indicador de satisfacción con traballo realizado son superiores a 4,0 (sobre 5) nos cursos analizados (entre 2014/15 e 2017/18), acadando o valor de 5,0 no curso 2017/18 (si ben é certo que a participación na enquisa descendue no curso 2017/18 respecto a dos cursos anteriores).

Grao en Bioloxía

Os informes das enquisas de satisfacción, do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida, indican a elevada satisfacción global destes dous colectivos coas actividades realizadas no Centro. O alumnado valora con

un 3,92 (sobre 5) a docencia recibida e o profesorado con un 4,01 (sobre 5) a docencia impartida. A participación na enquisa nos dous colectivos vai mellorando dende o curso 2013/14 sendo, no curso 2017/18 do 38,63% para o alumnado e do 47,62% para o profesorado.

Máster en Acuicultura

No Máster de Acuicultura utilízanse dous niveis de análise da satisfacción dos alumnos: mediante enquisas propias e mediante a lo menos unha reunión cos alumnos ó final do curso

Respecto ás enquisas, obtívose, en xeral, o mesmo resultado que o curso anterior, aínda que mellorando a percepción dos alumnos respecto a dúas das materias que o curso anterior tiñan indicacións de necesidade de mellora. Este ano tivemos o mesmo problema que o anterior respecto ás materias de especialidade, porque na maioría dos casos os alumnos non cubren os formularios.

Respecto da reunión anual, neste curso descubrimos que o problema coas prácticas da materia de Cultivo doutros Invertebrados, máis concretamente cos apartados de "polvo" e "crustáceos" (principalmente con polbo) habíase recrudecido, debido, segundo o profesor, a que a época en que se pode impartir non é a mellor para a desova dos espécimes capturados. Por iso, decidimos buscar outro profesor que asegurase o correcto curso desas prácticas; este curso 2018-2019 veremos se funcionou o cambio.

Máster en Neurociencia

Como se reflexa na enquisa de satisfacción do profesorado da USC coa titulación as competencias do título son as adecuadas para o desenvolvemento profesional do alumnado (valoración dun 3,92 por parte do profesorado) En relación á valoración do alumnado coa adquisición das competencias, esta foi superior a 3 na USC (3,20 sobre 5). E por outra parte, o informe da enquisa de satisfacción dos egresados da USC indica que a valoración dos egresados en relación a adquisición de diversas competencias transversais e elevada (entre 4.00 e 4.20). Nas enquisas realizadas na UDC, respecto se o título contribuíu a mellorar o nivel sociolaboral, a formación (profesional, académica ou investigadora), e se a formación que reciben no título é adecuada para desempeñar tarefas no ámbito profesional recibiron unha valoración moi alta (entre 6.00 - 7.00). Na Universidade de Vigo, o ítem "as actividades desenvolvidas polo profesor contribuíron a acadar os obxectivos da materia" foi valorado cun 3.83 sobre 5.

• Queixas, reclamacións e incidencias

A meirande parte das reclamacións, queixas e/ou suxestións son tramitadas directamente pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) polo que non chegan ao centro, xa que non teñen que ver directamente coa xestión directamente encomendada á Facultade (prezos públicos, matrícula...). Esta información pode ser consultada na [Memoria da oficina de análises e reclamacións \(OAR\)](#).

As reclamacións presentadas directamente no centro foron:

- Unha reclamación sobre os prazos de revisión das cualificacións da materia Xenética I (2º curso do Grao en Bioloxía). A reclamación foi admitida e habilitouse un novo prazo de revisión.
- Reclamación de alumnas de primeiro curso en relación coa obrigatoriedade da realización dunha práctica na materia Química (1º curso do Grao en Bioloxía) o día da folga do 8 de marzo. Enviouse informe da Comisión de docencia ao coordinador da materia.
- Reclamación do alumnado en relación as cualificacións da materia Zooxeografía (4º curso do Grao en Bioloxía) que non foi admitida a trámite pola ausencia dunha motivación consistente.
- A reclamación dun estudante respecto a cualificación na materia de Química (1º curso do Grao en Bioloxía) que non foi admitida a trámite por carecer de motivación.
- Reclamación do alumnado da materia Zooloxía II (de 2º curso do Grao en Bioloxía) en relación ao incumprimento das actividades recollidas na guía docente (no grupo B de clases expositivas), e a trato discriminatorio entre os grupos A e B. A reclamación foi admitida a trámite seguindo o Procedemento de Xestión das Incidencias incluído no Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, e resolta pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) celebrada

o 11 de outubro de 2018.

Nas enquisas realizadas aos egresados do Grao en Bioloxía a valoración da atención do decanato do centro, no caso de ter realizada unha reclamación, e de 2,78 (sobre 5, curso 2017/18), valor similar a media dos centros da USC (2,74 sobre 5).

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación e revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - resultados de materias e títulos;
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño, a aprobación e a revisión periódica (verificación, seguimento, modificación e renovación) dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía realízase seguindo os procedementos incluídos no SGC do centro. Estas revisións deben conducir á mellora continua dos títulos. Isto reflíctese en que, no curso 2017/2018 o centro obtivo a acreditación institucional.

Os plans de estudos implantáronse de acordo ás memorias de verificación dos títulos, e desenvólvense tendo en consideración as indicacións das comisións de acreditación dos distintos títulos. As actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas materias adecúanse ao descrito nas devanditas memorias con lixeiras modificacións e axustes, realizados para mellorar a calidade docente.

A información sobre os distintos procesos para garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da USC, no caso do [Grao en Bioloxía](#), e en webs propias no caso dos títulos de Máster: [Máster en Acuicultura](#), [Máster en Bioloxía Mariña](#) e [Máster en Neurociencia](#).

Dende o curso 2016/2017 estase a mellorar a información pública sobre os procesos de calidade e na páxina web do centro inclúense as actas das reunións da comisión de calidade e da de docencia, recoñecemento de estudos e actividades culturais da Facultade de Bioloxía.

Nas titulacións interuniversitarias, co fin de lograr unha maior eficiencia e calidade sería importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título (datas de preinscrición, datas de matrícula, datas para realizar cambios na matrícula, períodos de lectura de traballos fin de máster, e períodos de apertura e peche de actas...) fosen o máis homoxéneos posíbel; os

vicerrektorados con competencia en cada unha das universidades terían que valorar a necesidade de unificar diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título. Polo xeral a falta de unificación institucional nos aspectos mencionados anteriormente xerán confusión no alumnado matriculado en cada unha das universidades.

• Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

O desenvolvemento das actividades formativas de cada unha das materias dos títulos impartidos está recollido nas Guías Docentes que se publican na web do Centro antes do período de matriculación.

Grao en Bioloxía

O plan de estudos do Grao en Bioloxía no sufriu modificacións na súa estrutura dende a súa implantación; soamente se realizaron pequenos cambios na asignación temporal (referida a clases expositivas, interactivas e titorías) dalgunhas materias, que non alteran a carga de créditos e que van encamiñadas a mellorar os obxectivos formativos das mesmas. O informe final de renovación da acreditación de xuño de 2017, indica que o Grao en Bioloxía da USC mantén o interese dende o punto de vista académico, científico e profesional; os contidos que se imparten están actualizados e coordinados cos doutros centros do estado, sendo ademais coherentes cos estudos de bioloxía a nivel internacional.

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permítenos introducir modificacións para a mellora no título. No curso 2017/2018 as modificacións principais foron:

- Implantación dunha materia de nivelación de Química (2 créditos) para o alumnado que accede ao centro xa que a materia Química para a Bioloxía e unha das materias con taxa de superación máis baixa.
- Redución da presencialidade nos créditos expositivos das distintas materias que pasaron de 10 horas a 8,5 horas por crédito de docencia expositiva.
- Implantación dun horario modular no 1º semestre do 2º curso que permita ao alumnado unha mellor xestión do tempo e, polo tanto un maior rendemento.

Para coñecer a satisfacción do alumnado coa docencia en módulos, e si este tipo de organización permite unha mellor organización do tempo, dende a área de coordinación, elaborouse unha enquisa que se amosa no informe de coordinación do 1º semestre do curso 2017/18. Os resultados indican que o grado de satisfacción do alumnado é baixo (1,4 sobre 3) polo que decidiuse volver a organización que se realiza no resto da titulación. Aínda que as medidas que se propoñen, en xeral, pódense considerar eficaces para a mellora, algunhas delas non dan os resultados esperados.

Cumprimento das guías docentes

No Grao de Bioloxía, as Guías Docentes das distintas materias son revisadas polos coordinadores/as de curso e de título e aprobadas pola Comisión de Docencia e a Xunta de Facultade. O grao de cumprimento das programacións docentes no curso 2017/2018 foi elevado tal e como indican tanto a enquisa realizada dende a Área de Calidade e mellora dos procedementos (ACMP) (o ítem "cumpre co programa e co plan de traballo previsto" ten un valor de 4,36 sobre 5, participación 38,63%) como a enquisa realizada desde a área de coordinación (resultados recollidos nos [informes de coordinación](#) do 1º e 2º semestre).

No curso 2017/18 recibíuse unha reclamación do alumnado da materia Zooloxía II (2º curso) indicando o incumprimento, no grupo B de clases expositivas, dalgunhas actividades recollidas na guía docente. A reclamación foi tramitada e resolta pola Comisión de Calidade do Centro (CCC).

Procedementos de coordinación

No Grao en Bioloxía estase a facer un esforzo importante nos procedementos de coordinación. As actas das reunións de coordinación poden ser consultadas na Aplicación de Axuda aos Sistema de Xestión (AASX).

Os/as coordinadores/as dos distintos cursos xunto co/a coordinador/a do grao teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes. Manteñen reunións periódicas, polo menos unha por semestre, cos coordinadores/as das materias e cos representantes de alumnos/as, e realizan unha enquisa ao alumnado de percepción sobre o desenvolvemento da docencia. Esta información recóllese nos [informes de coordinación](#) que se presentan para a súa discusión e aprobación nas Comisións de Docencia e de Calidade, así como na Xunta de Facultade, e que están dispoñibles na páxina web do centro.

No curso 2017/18, os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (participación 38,63%) e do profesorado coa docencia impartida (participación 47,62%) poñen de manifesto a boa coordinación existente. O alumnado valora con 4,01 (sobre 5) o ítem "considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia", e o profesorado valora con 4,71 (sobre 5) o ítem "a coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva" e con 4,06 (sobre 5) o de "a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada".

Na enquisa sobre satisfacción do alumnado e do profesorado coa titulación (que comezou a realizar a ACMP o curso 2016/17) o ítem sobre a coordinación entre as materias do plan de estudos presenta valores de 2,61 (sobre 5) para o alumnado e 3,29 (sobre 5) para o profesorado. Nestas enquisas a participación foi menor que na de satisfacción sobre a docencia (10,58% para o alumnado e do 27,69% para o profesorado).

Cando se detectan problemas no desenvolvemento da programación ou na coordinación, infórmase á Comisión de Docencia e/ou de Calidade para o establecemento de accións que permitan corrixir as desviacións detectadas. No curso 2017/18 o alumnado de 2º curso presentou unha reclamación, respecto a docencia de Zooloxía II, sobre diferenzas na docencia práctica e na avaliación nos dos grupos da materia impartidos por distintos profesores. A reclamación foi resolta na Comisión de Calidade do centro co compromiso do departamento responsable da docencia de evitar situacións similares en posteriores cursos.

Con todo, as queixas recurrentes do alumnado están relacionadas coa elevada presencialidade, os horarios das actividades docentes e dos exames e a elevada carga de traballo. No curso 2017/18 a secretaria académica do centro reuniuse cos representantes do alumnado para recoller as súas suxerencias na procura de mellorar os horarios das actividades docentes e o calendario das probas de avaliación. Probablemente isto é o que favoreceu a mellora na valoración dos ítems relacionados con estas cuestións na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, que pasou de 1,96 a 2,68 (sobre 5) no caso dos horarios, e de 1,87 a 2,9 (sobre 5) no caso das datas de exame.

Resultados das materias

No [informe de porcentaxe de superación de materias do curso 2017/18](#), realizado polo Centro, o promedio (ponderado polo número de créditos) de alumnos matriculados que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) nas asignaturas do grao, dende a súa implantación no curso 2009/10 ata o curso 2017/18, é do 69,5%. Para cada curso, este promedio foi mellorando dende o 69,5% no curso 2012/13 (primeira curso no que se imparte a totalidade do grao) ata o 75,9% no curso 2017/18. Unha análise máis detallada do curso que nos ocupa (2017/18), mostra que as porcentaxes de superación das materias de cuarto curso (86%) son máis altas que as das materias dos tres primeiros curso (entre 63% para 1º curso e 67% para 3º curso).

No mencionado informe destacan as baixas porcentaxes de superación que presentan as materias Química para Biología e Fisiología Vexetal II (ambas cun 57%, valor inferior o percentil do 20% para todas as materias de todos os cursos impartidos) e Bioquímica II (50%, valor inferior o percentil do 10% para todas as materias de todos os cursos impartidos).

Cando unha materia presenta unha porcentaxe de superación inferior do percentil do 20% (para todas as materias de todos os cursos impartidos) durante dous anos consecutivos, o departamento que ten asignada a docencia e informado para que revise a planificación da materia (metodoloxía, competencias, sistema de avaliación, ...) e se garante que o alumnado alcance os resultados da aprendizaxe esperados. No curso 2017/18 foron informados os departamentos responsables da docencia das tres materias mencionadas con anterioridade (Química para Biología, Bioquímica II e Fisiología Vexetal II).

A materia Química para Biología presenta, dende o inicio dos estudos do grao, unas porcentaxes de superación moi baixas polo que no curso 2017/18 implantouse, a materia de nivelación de Química (2 créditos), que pode cursar o alumnado que así o decida. Os resultados obtidos, aínda que preliminares, parecen alentadores aínda que lonxe do desexado, xa que a taxa de rendemento (créditos superados/créditos matriculados, expresado en porcentaxe) e a taxa de éxito (créditos superados/créditos presentados, expresado en porcentaxe) melloraron, pasando respectivamente do 48,4% e 49,2% no curso 2016/17 ao 56% e 64,2% no curso 2017/18.

En relación a implantación do horario modular no 1º semestre do 2º curso, os resultados das materias implicadas foron similares aos de cursos anteriores e, como a satisfacción do alumnado co horario foi baixa decidiuse non continuar con el.

Finalmente no curso 2017/18 reduciuse a presencialidade nos créditos expositivos das materias da titulación con fin de dar maior peso a docencia interactiva e mellorar a aprendizaxe e o traballo autónomo do alumnado. Os resultados nas porcentaxes de superación de materias non indican diferenzas respecto aos cursos anteriores, é necesaria a análise de máis dun curso para avaliar o cambio.

O centro tamén realiza o [informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia](#), no curso 2017/18 os resultados mostran diferenzas estatisticamente significativas en catro materias, unha delas é impartida polo mesmo profesorado nos dous grupos (Técnicas Básicas) e as outras correspóndense con Xeoloxía (0,6 puntos de diferenza na mediana), Zooloxía II (0,5 puntos de diferenza na mediana) e Xenética II (0,4 puntos de diferenza na mediana). Esta información preséntouse na Comisión de Docencia e de Calidade.

Na información suministrada pola ACMP, a taxa de avaliación das materias (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados) é elevada sendo o valor medio de todas as materias para o curso 2017/18 do 91,2%.

Os valores da taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) e da taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon) son relativamente máis baixos, os valores da media para todas as materias no curso 2017/18 son respectivamente 82,15% e 72,44%. Destaca a baixa taxa de éxito da materia de Bioquímica II (54,14%) e as taxas de rendemento, inferiores o 60%, en Bioquímica II (46,45%), Zooloxía I (54,03%), Química para Bioloxía (56,04%), Fisioloxía Vexetal II (56,41%), Xenética I (58,19%) e Bioloxía Molecular (58,66%).

Resultados do título

Os valores da taxa de rendemento (indicador IN34G-S01-PM-01), taxa de éxito (indicador IN35G-S01-PM-01), taxa de avaliación (indicador IN36G-S01-PM-0) e taxa de graduación (indicador IN37G-S01-PM-01: relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis, e a súa cohorte de ingreso) van mellorando nos últimos cursos; aínda así, a taxa de graduación (43,3% para o curso 2017/18) é moi inferior a incluída na memoria do grao (60%) polo que é necesario seguir facendo esforzos para melloralas (Tabla 1).

A taxa de abandono durante o primeiro curso (indicador IN40G-S01-PM-01: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X) e a taxa de abandono RD 1393/2007 (indicador IN41G-S01-PM-01: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior) mostran unha tendencia descendente (Tabla 1) con valores no curso 2017/18 do 12,5% y do 20,9% respectivamente.

A duración media dos estudos (indicador IN38G-S01-PM-01: duración media -en anos- na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos) incrementouse lixeiramente dende o inicio da titulación sendo, no curso 2017/18, de 5,1 anos.

Táboa 1. Evolución dos valores das taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación, abandono (1º curso, e RD 1393/2007), así como a duración media dos estudos para o Grao en Bioloxía. Fonte da información: ACPM

	2012/13	2013-14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18
Taxa de rendemento (%)	66,2	67,5	68,5	67,4	72,74	72,4
Taxa de éxito (%)	76,6	76,6	76,2	76,9	80,6	80,9
Taxa de avaliación (%)	86,4	88,1	90	87,6	89,4	89,5
Taxa de graduación (%)	-	35,5	39,0	45,4	43,6	43,3
Taxa de abandono no 1º curso (%)	31,5	19,9	15	16,4	12,3	12,5
Taxa de abandono RD 1393/2007	-	20,6	38,4	27,0	28,6	20,9
Duración media dos estudos (anos)	4	4,3	4,8	4,8	5,1	5,1

A preocupación pola baixa taxa de graduación e a elevada duración media dos estudos, levounos a facer unha análise detallada das causas que poden incidir nelas. Como a finalización dos estudos a marca a defensa do Traballo Fin de Grado (TFG), para o cal é necesario ter superados todos os créditos necesarios para a obtención do título (agás os correspondentes ao propio traballo) parece lóxico coñecer cales son as asignaturas cuxa dificultade na súa superación atrasa a lectura do TFG, alargando a finalización dos estudos e polo tanto diminuindo a taxa de graduación, e aumentando a duración media dos estudos. Obviamente o problema é máis complexo e no mesmo incide tamén a porcentaxe de alumnos que superan cada asignatura, xa que o número de alumnos que chegan a matricularse de TFG no ano que lles corresponde é baixo.

Na análise estudáronse as materias que teñen que cursar obrigatoriamente os alumnos repetidores de TFG, sempre que están non supoñan máis de 24 créditos agás os do TFG. Os resultados son similares aos de cursos anteriores e indican que o 84% dos repetidores cunha única materia, esta é Bioloxía Molecular; e para o 83% dos que repiten con dúas materias, unha delas é Bioloxía Molecular.

Concretamente no curso 2017/18 o número de alumnos que tiveron que renovar a matrícula do TFG é de 47 (representan o 38% dos matriculados no curso anterior). Destes, sete só cursan o TFG e do resto vinte e cinco repiten cunha materia, vinte e un destes (84% dos repetidores) con Bioloxía Molecular e o resto con Fisioloxía Vexetal I (8%), Xenética Evolutiva (4%) ou Parasitología (4%). Doce alumnos repiten con dúas materias, dez deles con Bioloxía Molecular (83%), tres con Fisioloxía Vexetal II (25%) ou Inmunología (25%), dous con Parasitología (16%) e un con outras materias diferentes. A revisión dos datos dende o inicio do cuarto curso do grao (curso 2013/14) ata o curso 2017/18 revela que a meirante parte do alumnado (83%) que non pode defender o TFG é porque non superou Bioloxía Molecular.

Análise do perfil real de ingreso/egreso

O Grao de Bioloxía ten un bo nivel de demanda, dende a súa implantación sempre se cubriron a totalidade das prazas ofertadas, polo que consideramos que está actualizado e mantén a súa relevancia. O perfil de ingreso do alumnado que acceden ao Grao de Bioloxía é adecuado posto que a maioría deles proceden do Bacharelato (LOE) de Ciencias e Tecnoloxía e examináronse da proba de acceso á universidade (PAU). No curso 2017/18 presentáronse 820 solicitudes (769 de alumnos procedentes de bacharelato e 51 de formación profesional) das que se admitiron 148 (datos da CIUG). A gran maioría dos alumnos/as admitidos (95%) proceden do Bacharelato (LOE) de Ciencias e Tecnoloxía e examináronse da PAU. A nota media de acceso por preinscrición do Grao en Bioloxía da USC foi de 10,851 para o alumnado procedente do bacharelato e de 10,157 para o procedente de formación profesional; esta nota incrementouse en dous puntos dende o curso 2012/13. A porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira opción foi do 70,59%. Estes datos apoyan a adecuación do perfil de ingreso do alumnado que accede ao Grao de Bioloxía. Para rematar, sinalar que a maioría do alumnado procede de Galicia (98% no curso 2017/2018) e o 67% son mulleres.

O alumnado admitido que se matricula por primeira vez é recibido nun "Acto de Acolida" no que se lles explica o funcionamento do centro e no que se realiza unha enquisa para ter máis información do seu perfil de acceso. A valoración que os egresados realizan sobre esta actividade é de 2,58 (sobre 5) para o curso 2017/2018.

Os resultados da enquisa para mellorar o coñecemento do perfil de acceso indican que os alumnos/as que acceden ao Grao en Bioloxía cursaron, en case todos os casos, as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na PAU que adoitan ser Bioloxía, Ciencias da Terra e Medio Ambiente, Química e Matemáticas; nas que aproban sempre máis do 88% e presentan, salvo excepcións, notas medias de cualificación de notable (Figura 1).

Ademais, os resultados desta enquisa para os cursos do 2014/2015 ao 2017/2018 indicaron que un 25% dos alumnado podía presentar carencias formativas en Química polo que se implantou a materia de nivelación de Química.


Os datos sobre inserción laboral dos/as egresados/as no grao de Bioloxía son escasos e proceden dos datos suministrados polo Ministerio de Educación ("Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU. Ministerio de Educación") para a cohorte 2013/14 que corresponden a marzo de 2015 e 2016, e das enquisas realizadas polo centro.

A Facultade de Bioloxía realizou enquisas en outubro de 2015 para os egresados/as dos cursos 2012/13 e 2013/14, en outubro de 2016 para os dos cursos 2012/13, 2013/14 e 2014/15 e en xaneiro de 2018 para os egresados dos cursos 2012/13, 2013/14, 2014/15 e 2015/16. Os resultados destas enquisas indican que ao redor do 83% dos egresados/as encuestados continúa a súa

formación realizando un máster e o 27% están, na actualidade, realizando o doutoramento.

Dende o centro só podemos acceder a información dos/as egresados/as que cursan máster na USC. Así, no curso 2017/18, completaron a súa formación realizando un máster na USC 47 graduados en Bioloxía pola USC, dos que 33 (70,2%) finalizaran os seus estudos no curso 2016/17. Os máster que cursaron foron: Máster de Profesorado (27,7%), Máster en Investigación Biomédica (17%), Máster en Enxeñaría Ambiental (14,9%), Máster en Bioloxía Mariña (12,8%), Máster en Acuicultura (10,6%), Máster en Neurociencia (8,5%), Máster en en Técnicas Estatísticas (6,4%) e Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (2,1%).

Figura 1.- Distribución dos valores das notas das PAU por materias optativas da proba xeral e materias da proba específica para a alumnado que accedeu ao grao entre os cursos 2014/15 e 2017/18. As caixas representan os cuartís e os bigotes os valores mínimos y máximos para as distintas materias (B: Bioloxía, CTyMA: Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, F: Física, M: Matemáticas e Q: Química). A liña vermella representa o valor de 5. Inlúese tamén a porcentaxe do alumnado que realizaou as probas de cada materia (liña negra)



En canto á inserción laboral, a enquisa do centro indica que en xaneiro de 2018 estaban traballando o 42% dos egresados de todos os cursos, o 84% dos mesmos no campo da Bioloxía.

Os datos do Ministerio de Educación indican unha taxa de afiliación á Seguridade Social para os egresados/as en 2013/14 do 7% en marzo de 2015 e do 34% en marzo de 2016.

A lei de protección de datos e as dificultades para a realización da enquisa de egreso levounos a deixar de realizala

Análise de que os titulados acadan os resultados previstos na memoria

A taxa de graduación (43,3% no curso 2017/18) está por debaixo da esperada segundo a memoria do título (60%). Sen embargo os resultados da taxa de abandono durante o primeiro curso, da taxa de abandono RD 1393/2007 e da taxa de eficiencia son positivos. A taxa de abandono no primeiro curso mellorou nos últimos curso, sendo no curso 2017/18 similar a prevista na memoria do grao, e a taxa de eficiencia é do 82,4%, superior a prevista na memoria do grao (75%).

Por outra banda, os resultados da enquisa realizada, desde ACMP, aos egresado indican o bo grao de satisfacción xeral coa formación recibida na titulación (3,19 sobre 5 para o curso 2017/18), si ben é certo que están máis satisfeitos coa formación teórica recibida (3,39 no curso 2017/18) que coa práctica (2,17 no curso 2017/18).

Máster de Acuicultura

Actividades formativas

Neste máster, a revisión e aprobación das guías docentes levase a cabo, no período correspondente, contactando, os coordinadores académicos de cada Sede, cos coordinadores de cada materia para que apliquen á guía correspondente calquera

cambio ou modificación que crean necesario. Previamente, o coordinador interuniversitario prepara todas as guías para cambiar os datos xerais, e aplicar calquera cambio que afecta a todas elas. Posteriormente, o coordinador interuniversitario prepara todas as guías, coas correccións aplicadas por todos os profesores, e revisanse en Comisión de Coordinación, para dar o visto e prace, ou propor ao profesor correccións de axuste.


O cumprimento de guías docentes é un dos apartados dos formularios de satisfacción de alumnos propios do Máster de Acuicultura (MA). No curso anterior, só en dous casos detectáramos críticas dos alumnos, que facían referencia a que algunhas materias estaban sobredimensionadas respecto do que se esperaba segundo a guía. En ambos os casos, falamos tanto cos alumnos (nas reunións programadas) como cos profesores implicados, e non puidemos constatar que as críticas foran fundadas. Para o curso obxecto agora do seguemento, as queixas de sobredimensionamento se fixaron só nunha de elas; novamente analizamos co profesor e os alumnos os motivos, e danos a impresión de que simplemente é unha materia máis complexa, pero non sobredimensionada; tampouco notamos diferencias apreciables nas notas acadadas polos alumnos respecto a outras materias.

Procedementos de coordinación

Revisáronse os procedementos de coordinación, e cremos que son eficientes. De todos os xeitos, para mellorar a coordinación temos ido reducindo o número de profesores nalgunhas materias (as que máis incidencias de coordinación mostraron) e, ademais, para a implantación do máster modificado, cambiamos algúns dos coordinadores das mesmas.


Análise do perfil real de ingreso/egreso

O perfil de ingreso é maioritariamente de Bioloxía, seguido de Ciencias do Mar e Veterinaria, tal e como se observa na figura 2. Figura 2.- Procedencia do alumnado do Máster en Acuicultura, respecto a súa formación de grao



No curso baixo seguemento, cubrimos o 100% das prazas dispoñibles (figura 3)

Figura 3. Ocupación das prazas ofertadas



Resultados de inserción laboral

Os datos de inserción laboral aportados polas universidades son de cohortes moi anteriores ás que atañen aquí. Os nosos datos, usando a LinkedIn que a tal efecto preparamos, só alcanzan á promoción do 15-16, e dan un 43,5% de colocación en postos relacionados coa Acuicultura, e arredor dun 60,7 en total de colocación.

Máster de Neurociencia

Análise de que os titulados acadan os resultados previstos na memoria

Os datos suministrados pola USC, indican que a taxa de graduación foi dun 70,59 para os alumnos da USC (44,4% na UVI e 50% na UDC). A taxa de éxito foi dun 99,11% na USC, 100% na UVI e 97,7% na UDC. A taxa de abandono foi dun 5,88 (0% na UDC e na UVI). A taxa de éxito dos egresados (USC) foi dun 89,26.

Actividades formativas

Como se pode comprobar nos horarios e guías docentes das materias, a oferta académica do curso 2017-18 fíxose de acordo ao establecido na memoria do título.

O desenvolvemento das ensinanzas da titulación foi valorado polo alumnado cun 2,96 (1-5) como se recolle no informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación na USC. A organización global do ensino foi adecuada na UDC (4,00), e o grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas dos estudantes da UVI tivo unha valoración entre 3,75 e 4,02 sobre 5. O número de egresados foi de 18 alumnos/as

Os datos indican que, o título se desenvolveu de maneira adecuada.

Procedementos de coordinación

O máster conta cun coordinador de materias obrigatorias (Prof. Miguel A. Rodríguez), e dous coordinadores para cada un dos itinerarios (Prof. Fernando Cadaveira e o Prof. Ramón Soto). Co fin de evitar baleiros e duplicidades entre materias, os programas foron revisados polos membros da Comisión Académica. Naquelas materias nas que poidan xurdir problemas en relación coa coordinación, o coordinador da materia reúnese cos outros profesores da materia (acción de mellora incluída no autoinforme do curso 2014-2015). Por outra parte, para coñecer o desenvolvemento do plan de estudos, o coordinador xeral do título recolle información a través dos alumnos matriculados.

Segundo as enquisas, o alumnado considera que hai unha boa coordinación entre os distintos/as profesores/as dunha mesma materia (4.473 sobre 5, enquisa na USC), e o profesorado considera que a coordinación entre os/as profesores/as dunha mesma materia é altamente efectiva na USC (4,81 sobre 5) e na UDC (6.25 sobre 7.00).

Co fin de valorar a adquisición das competencias por parte dos alumnos/as, o profesorado fai unha análise das enquisas de satisfacción coa docencia recibida cubertas polos alumnos/as, e adopta as medidas necesarias no caso de que sexa necesario.

Dunha maneira obxectiva a adquisición das competencias por parte dos alumnos/asponse de manifesto durante a defensa dos Traballos Fin de Máster, na que os alumnos/as mostran un alto grao de competencia e coñecementos. Por outra banda, cada titor dun Traballo Fin de Máster emite un informe no cal valora cunha puntuación (sendo 1 o mínimo e 5 o máximo) o grao de consecución dunha serie de competencias transversais recollidas na memoria do Título. A maior parte das competencias adquiridas acadan valoracións de entre 4 e 5.

Análise do perfil real de ingreso/egreso

Como en cursos anteriores, no curso 2016/17 ofertáronse 50 prazas (30 na USC [24 para estudantes nacionais e 6 para extranxeiros], 10 na UDC e 10 na UVI).

O número total de alumnos/as matriculados no curso 2017/18 foi de 34 alumnos (24 na USC, 5 na UDC e 5 na UVI), valores similares aos do curso anterior.)

Do total do alumnado matriculado, 16 foron matrículas de novo ingreso na USC, 3 na UDC e 4 na UVI, valores similares aos do curso anterior (17 na USC, 6 na UDC e 3 na UVI).

A nota media de acceso no curso foi similar a do curso anterior: un 7,16 (7,33 no curso anterior)

Aínda que estes datos indican unha distancia entre as prazas de novo ingreso ofertadas e as matrículas de novo ingreso, os datos da prescrición, coma no curso anterior, reflexan unha demanda superior a 50 prazas, xa que 40 alumnos/as fixeron a preinscrición na USC. 128 se prescribiron na UDC e 4 na UVI (Total: 56).

Aínda que non se cubren as 50 prazas, os datos da preinscrición indican que o título ten unha forte demanda e resulta atractiva

para o alumnado, e por outra parte, o número de prazas en cada Universidade é proporcional ao número de profesores que aportan, polo tanto é aconsellable seguir mantendo a mesma oferta de prazas.

A porcentaxe de estudantes matriculados que obtiveron o seu título na USC foi dun 58,33%, superior a do curso anterior (48%). A porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre o total de matriculados foi dun 4,17%; por outra parte, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados foi dun 8,33%.

Como xa mencionamos no autoinforme do curso anterior, o espectro xeográfico de atracción do máster estase ampliando nos últimos anos, aínda que hai variacións do ano a outro. Unha das mellores ferramentas de difusión da Titulación fora da Comunidade galega é o noso propio alumnado, polo tanto debemos tratar de seguir dandolle a maior difusión ao Título fora da Comunidade Galega (Proposta de Mellora prorrogada).

Dos 24 alumnos/as que se matricularon por primeira vez no máster, mais do 50% procederon de licenciaturas ou graos en Bioloxía (7 alumnos) ou Psicoloxía (8 alumnos), titulacións consideradas como idóneas no perfil de ingreso. Do alumnado matriculado restante, a maior parte tamén contaba cunha titulación adecuada para realizar o Máster de Neurociencia (Bioquímica, Enfermería, Física, Fisioterapia, Logopedia, e Ciencias de la Actividad Física y Deporte).

Resultados de inserción laboral

Na UDC unha proporción elevada do alumnado están desempeñando un traballo relacionado coa formación recibida.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).
 - aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.
 - Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).
 - Avaliación da aprendizaxe.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Prácticas externas.
 - Mobilidade.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados de aprendizaxe.
 - Indicadores de satisfacción e rendemento.
 - Suxestións e reclamacións.
 - Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

As memorias dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía inclúen, para asegurar a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descrições, instrucións, etc. que aquí se indican nos diversos apartados. Esta información actualízase anualmente e ponse a disposición do alumnado (e de calquera persoa interesada) na web do centro e nas webs propias dos másteres.

O alumnado accede ás titulacións impartidas na Facultade de Bioloxía seguindo os criterios de admisión establecidos na lexislación vixente. O centro ten implantados procedementos para garantir a aprendizaxe e a avaliación centrados no alumnado.

As Guías Docentes das materias inclúen obxectivos, contidos, bibliografía (básica e complementaria), competencias, metodoloxía do ensino, sistema de avaliación, tempo de estudo e traballo personal e recomendacións para o estudo.

As actividades formativas realizadas nas materias son principalmente clases expositivas, clases interactivas (de pizarra, laboratorio e campo) e titorías.

Grao de Bioloxía

Admisión do alumnado

Dende o inicio dos estudos do Grao en Bioloxía a demanda do alumnado é moi superior as prazas ofertadas polo que estas sempre se cubren. A oferta de prazas diminuíuse nos últimos cursos, por unha banda, para axustala a realidade xa que as análises realizadas mostraban una elevada oferta no Sistema Universitario de Galicia (SUG) e, por outra, pola intención de poñer en marcha unha nova titulación de Grao (Grao en Biotecnoloxía) que finalmente comenza a impartirse no curso 2018/19. No curso 2017/18 ofertáronse 119 prazas (indicador IN01C-PC-05), sendo a matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador IN04C-PC-05) de 126 prazas; ademais, no primeiro curso hai que incluír 18 alumnos do Dobre Grao Química e Bioloxía.

A nota media de acceso por preinscripción (indicador IN06C-PC-05) foi aumentando dende o inicio da titulación, incrementándose en case dous puntos dende o curso 2012/13 (8,85) ata o curso 2017/18 (10,8).

A matrícula total (indicador IN02C-PC-05) no Grao de Bioloxía é de 649 alumnos/as no curso 2017/18.

As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08C-PC-05) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09C-PC-05) son baixas (0,46% e 4,47% respectivamente) e mantéñense en valores similares nos últimos cursos.

Aplicación de normativas predefinidas

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. Toda a información referente ás mesmas está dispoñible na páxina web do centro, na que tamén se inclúe a normativa de asistencia a clase, a de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións. No Grao en Bioloxía, no curso 2017/18, recoñecéronse, como créditos da titulación, a adquisición de competencias transversais (por exemplo o recoñecemento de idiomas) e a realización de actividades como cursos de verán, programas de participación social, participación nos órganos de representación da universidades, participación en actividades deportivas e musicais, programas de voluntariado, programas de extensión cultural, cursos de actividades comunicativas, entre outras.

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Como resultado do plan de melloras do curso 2016/17, no curso 2017/18 comezou a impartirse a materia de nivelación en Química para mellorar o rendemento do alumnado con deficiencias nesta materia e noutras materias do grao relacionadas coa Química. Aínda que con un único curso non se poden avaliar a acción, os resultados da materia melloraron aínda que se manteñen lonxe do desexado.

Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe)

As guías docentes das materias inclúen, ademais dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización, e cada ano son revisadas polos coordinadores de curso e de grao, e aprobadas polas Comisións de Docencia e Calidade no momento da aprobación das programacións.

O traballo de todos/as coordinadores/as (de materia, de curso e de grao) é fundamental para garantir que se cumpren os contidos e se acadan as competencias previstas na memoria. Con todo, é necesario seguir traballando para mellorar a distribución temporal da carga de traballo do alumnado, para que podan atender dun xeito máis efectivo os requirimentos das distintas materias.

Para mellorar o procesos de ensinanza-aprendizaxe e os resultados do título, no curso 2017/18 fíxose efectiva a redución da presencialidade na docencia expositiva, o que conleva unha maior relevancia da docencia interactiva. Nos resultados acadados non se aprecian cambios significativos na meirande parte das materias, aínda que un único curso non é suficiente para avaliar a acción.

Na ensinanza é moi importante o tamaño dos grupos de alumnos/as. No Grao en Bioloxía a media de alumnos/as por grupo de clases expositivas (71,41 no curso 2017/18) e interactivas (26,69 no curso 2017/18) é superior ao desexado, e está por riba da media dos centros da USC (59,83 para as clases expositivas e 21,77 para as interactivas), aínda que vai descendendo dende o curso 2013/14. Nos últimos cursos estanse tomando medidas, como o descenso de prazas de novo ingreso e a creación de grupos de centro, encamiñadas a rebaixar este número e a facilitar o proceso formativo. Dende o centro todos os cursos envíase un escrito o Reitorado para que reduza por normativa ó módulo de alumnos/as por grupo e contabilice os alumnos/as repetidores.

No curso 2017/2018, e para o plan de ordenación docente (PDA) do curso 2018/2019, a Facultade de Bioloxía solicitou grupos de docencia interactiva e de titorías a maiores sobre a proposta elaborada pola Reitoría. Estes grupos foron aprobados para as seguintes materias: Química para Bioloxía, Xeoloxía para Bioloxía, Bioloxía da Célula, Bioloxía dos Tecidos e Órganos, Bioquímica I e II, Bioloxía do Desenvolvemento, Bioxeoquímica, Botánica I e II, Fisioloxía Vexetal I e II, Microbioloxía I e II, Zooloxía I e II, Xenética I e II, Xenética Evolutiva.

Ademais noutras materias nas que a Reitoría non aceptou o incremento, creáronse grupo de centro de clases interactivas e de titorías (Biofísica, Microbioloxía Clínica, Inmunoloxía, Viroloxía, Biotecnoloxía Vexetal e Enxeñaría Xenética).

Avaliación da aprendizaxe


No Grao en Bioloxía os mecanismos de avaliación da aprendizaxe teñen en consideración dous aspectos fundamentais, a inclusión das competencias (transversais e específicas) e o seu sistema de avaliación nas guías docentes das distintas materias e, a avaliación da adquisición de competencias por parte dos titores externos dos programas de prácticas externas (enquisa propia do centro), dos titores dos TFGs (enquisa propia do centro) e dos/as egresados/as (enquisa da ACMP).

Os resultados das enquisas realizadas aos titores externos (dos programas de prácticas externas) sobre a adquisición de competencias indican una elevada adquisición das mesmas por parte do alumnado, xa que, para o curso 2017/18, todas as analizadas presentan puntuacións superiores a 8,6 sobre 10 (figura 4). As competencias peor valoradas son "iniciativa e toma de decisión", "creatividade" e "coñecemento das técnicas ou procedementos de traballo" (8,6 sobre 10) e a mellor valorada "respeto polas normas" (9,6 sobre 10).

Resultados similares obtiveronse na enquisa realizada aos titores dos TFGs, cunha valoración media de 4,61 sobre 5. As peores puntuación son as correspondentes a "capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible (4,4 sobre 5), a "capacidade de análise e síntese" e "capacidade para o razoamento e a argumentación" (ambas 4,45 sobre 5) (figura 4).

Os/as egresados/as, sen embargo son máis críticos coa valoración das competencias adquiridas. Na enquisa realizada no curso 2017/18 a puntuación máis elevada corresponde a "capacidade para a aprendizaxe autónoma" (3,62 sobre 5) e a peor a "capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do ámbito de estudo" (2,85 sobre 5).

Figura 4.- Resultados das enquisas realizadas aos titores dos TFGs e aos titores de prácticas externas sobre a adquisición de competencias por parte do alumnado no curso 2017/18.



Orientación académica

O grao en Bioloxía realiza unha “xornada de acollida” para os alumnos de primeiro curso na que participan tanto PDI e PAS (equipo decanal, a coordinación do grao e do primeiro curso, a xestora de centro e a directora da biblioteca), como o alumnado: asociacións de estudantes e antigos estudantes do grao, sindicatos, etc.

Para o alumnado de cursos superiores realízanse reunións informativas sobre: os programas de mobilidade, na que participan os coordinadores dos distintos programas de mobilidade e a xestora do centro; os programas de prácticas externas (materia obrigatoria), na que participa a coordinadora de prácticas externas e a xestora do centro e sobre os traballos fin de grao (TFG) na que participa o coordinador dos TFG e profesores de distintos grupos de investigación da Facultade que explican as súas liñas de investigación. No curso 2017/18 celebráronse as xornadas de orientación laboral “E agora que fago?”.

Programas de mobilidade

O número de alumnos/as recibidos a través dos distintos programas de mobilidade non é elevado (no curso 2017/18, o 0,46% dos alumnos matriculados son extranxeiros e o 4,47% son estudantes nacionais de fora de Galicia) e tampouco o é o dos enviados pola USC (2% dos alumnos matriculados no curso 2017/18). Se se compara a nivel nacional con outros 25 graos en Bioloxía, o Grao en Bioloxía da USC está entre os que presentan menor mobilidade entrante e saínte, pero en comparación con outros títulos similares da USC presenta unha aceptable mobilidade tanto entrante como saínte. Para tentar mellorar a participación do estudiantado nos programas de mobilidade estanse facendo esforzos en mellorar a información ao alumnado coa convocatoria de reunións informativas sobre as opcións, destinos e condicións da mobilidade saínte.

Ainda que a participación é baixa, o alumnado que participa nos programas de mobilidade valóranos positivamente. A satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (indicador IN15G-PC-08) é valorada cun 3,41 (para o curso 2017/18) e a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (indicador IN16C-PC-08) é valorada cun 4 para o curso 2016/17 (último curso do que se dispón de datos).

Prácticas externas

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización das Prácticas Externas do Grao. No curso 2017/18 cursaron a materia 115 alumnos en distintos centros, entre os que hai centros de investigación (por exemplo: Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas do CSIC, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago -IDIS-, Centros de Investigación e Departamentos da USC), centros das administracións públicas (por exemplo: Centros da Consellería de Medio Ambiente, Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia -LAFIGA-, Sergas, Concellos) e empresas privadas (por exemplo A.RE.NA, Calvo conservas e Coren). Os/as alumnos/as do Grao en Bioloxía teñen a posibilidade de realizar, Prácticas Externas Opativas (no curso 2017/18 participaron neste programa 39 alumnos) e Prácticas Extracurriculares a través do Consello Social (no curso 2017/18 participaron neste programa sete alumnos).

A satisfacción do alumnado coas prácticas externas é moi elevada dende a súa implantación no curso 2013/14, así o indican os resultados das enquisas realizadas pola ÁCMP da USC (valor do indicador IN19G-PC-09 de 4,58 sobre 5 para o curso 2017/18), e pola Facultade de Bioloxía (4,7 sobre 5 para o curso 2017/18). As enquisas tamén amosan unha alta satisfacción cos programas de prácticas externas por parte dos/as titores/as externos (o valor do indicador IN20G-PC-09 é de 4,16 sobre 5 para o curso 2017/18), dos/as titores/as académicos (o valor do indicador IN21G-PC-09 é 4,21 no curso 2017/18) e dos/as egresados/as (4,23 sobre 5 para o curso 2017/18).

Traballos Fin de Grao (TFGs)

Os procedementos relacionados coa asignación, supervisión e avaliación dos [TFG](#) están perfectamente establecidos, non detectándose incidencias no curso 2017/18. Neste curso defendéronse 110 TFGs que abarcaban as distintas áreas de coñecemento implicadas na docencia de Bioloxía, e que obtiveron boas cualificacións (5 sobresaintes e MH, 51 sobresaintes, 53 notables e un aprobado).

Resultados da aprendizaxe

No informe final de renovación da acreditación (xullo 2017) sinálanse, entre os puntos fortes da titulación, que os contidos están actualizados e coordinados con títulos similares a nivei nacional e internacional e que o alumnado está ben preparado, especialmente na súa formación teórica, o que reflicte que o título cumpre os requisitos do programa formativo.

Os bos resultados da aprendizaxe pódense observar nas cualificacións dos TFGs, nas valoracións que sobre as competencias adquiridas polo alumnado realizan os titores/as externos dos programas de prácticas externas (comentado anteriormente), nos resultados das enquisas realizadas aos egresados/as e nos datos de inserción laboral dispoñibles.

No curso 2017/18 a taxa de éxito do TFG foi do 100% e o 99,1% do alumnado que presentou o TFG obtivo unha cualificación de notable ou superior (4,5% matrícula de honra; 46,4% sobresaiante; 48,2% notable e 0,9% aprobado) o que indica que o alumnado finaliza o título cunha boa formación.

Ademais, a satisfacción dos egresados do grao de Bioloxía coa titulación e co centro é boa aínda que están máis satisfeitos coa formación teórica recibida (3,39 no curso 2017/18) que coa práctica (2,17 no curso 2017/18). Valoran moi positivamente os programas de prácticas externas (4,23 no curso 2017/18) e de mobilidade (4,0 no curso 2017/18). A participación na enquisa no curso 2017/18 foi do 17,1%.

Indicadores de satisfacción e rendemento.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida é moi boa tal e como indican os resultados das enquisas realizadas. No curso 2017/18, a valoración global do alumnado (indicador IN46G-S01-PM-01) é de 3,92 (sobre 5) e a do profesorado (indicador IN47G-S01-PM-01) de 4,01 (sobre 5). Ademais a participación na enquisa vai mellorando nos últimos cursos, sendo do 38,63% para o alumnado e do 47,62% para o profesorado.

No caso do alumnado, para o curso 2017/18, todos os ítems da enquisa presentan puntuacións superiores a 3,52 (sobre 5). Os ítems peor valorados (3,5-3,6) están relacionados co desenvolvemento das capacidades e/ou competencias do alumnado como a aprendizaxe autónoma, a transmisión da información e a participación crítica. Os ítems relacionados coa organización das clases, os recursos didácticos, o material de apoio empregado, a axuda que supoñen as titorías e a capacidade do profesorado para que os estudantes se dean conta da relevancia das distintas materias teñen valoracións de 3,8-3,9 sobre 5. Con valores próximos a 4 (3,92-4,12) o alumnado valora as cuestións que teñen que ver coa coordinación dos distintos profesores das materias, a actitude receptiva do profesorado facilitando a comunicación cos estudantes e a satisfacción global co profesorado das materias. Por último, os ítems mellor valorados (4,2-4,4) relaciónanse con dous grupos de actividades moi importantes na docencia universitaria, por unha banda a explicación e o cumprimento das programacións docentes por parte do profesorado e, por outro a súa implicación na resolución das dúbidas expostas polo alumnado.

No caso do profesorado, este valora con puntuacións > 3,9 (sobre 5) sete dos diez ítems analizados. Os peor valorados son o nivel con que chegan os alumnos (3,52), a participación crítica e activa nas clases (3,33) e o interés cara a materia que se imparte (3,86).

Como se acaba de comentar, os egresados tamén manifesta un bo grao de satisfacción coa titulación e co centro. Valoran moi positivamente os programas de prácticas externas (4,23 no curso 2017/18) e de mobilidade (4,0 no curso 2017/18) e os recursos e servizos (entre 3,77 e 4,69 para os ítems deste apartado, no curso 2017/18).

Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Dende o curso 2014/2015 realízase unha análise detallada dos resultados do título e emítense informes que se discuten nas Comisión de Docencia e de Calidade e, unha vez aprobados, inclúense na sección de calidade da páxina web do centro.

Realizáronse tamén comparativas dos resultados de títulos similares, tanto a nivel nacional como no SUG, e da oferta de prazas en comparación coa empregabilidade e o PIB. Estas análises permitíronnos apostar por unha redución de prazas no Grao en Bioloxía que facilitou que o próximo curso se imparta unha nova titulación de grao que mellore a oferta no centro e no SUG.

Grao de Biotecnoloxía

Para o Grao en Biotecnoloxía, que comenza a impartirse no curso 2018/19, creouse un grupo de centro de clases prácticas en Matemáticas, Física, Bioloxía celular, Técnicas analíticas e instrumentais, Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos, Fundamentos de procesos biolóxicos e Microbioloxía.

Máster en Acuicultura

Metodoloxía de ensinanza

En todas as materias seguiuase a metodoloxía indicada na guía docente. Nas materias optativas da especialidade de Producción houbo una media de 22,8 alumnos; nas de Biotecnoloxía, de 6,1 (mínimo de 3).

Orientación académica

Durante o período de matrícula, nos primeiros días de asistencia a clase, e na época de cambio de matrícula en xaneiro-febreiro, a Comisión Permanente levou a cabo un labor de asesoría personalizada a todos os alumnos que o solicitaron, para axudarlles a decidir as materias a cursar.

Programas de mobilidade

Non hai mobilidade propiamente dita. Temos un programa de financiación (en cada universidade) para o desprazamento del alumnos as prácticas en outra sede ou centro externo.

Prácticas externas

A todos os alumnos que o desexaron, adxudicóuselles directamente unha praza en empresas nacionais e estranxeiras xa conveniadas. Para aqueles a os que lles interesaba unha empresa non conveniada, iniciouse un proceso de establecemento de convenio, e adxudicóuselles directamente a praza por eles xerada. Para os demais, entraron no concurso de adxudicación de prazas, que inclúe as da Comunidade Autónoma, e todas aquelas non ocupadas previamente; devandito concurso de adxudicación é estritamente por cualificación.

Traballos Fin de Máster (TFM)

Tanto as normas e prazos de presentación coma os criterios de avaliación expóñense na web propia do máster, e son remitidas ademais por correo electrónico a todos os alumnos/as. No curso 2017/18 defendéronse 15 TFM, todos os correspondentes aos alumnos do bienio anterior

Resultados da aprendizaxe

Na táboa 2 amósanse todos os indicadores calculados

Táboa 2.- Indicadores calculados no Máster de Acuicultura

Bienio		Curso 2017-2018																		
		nº Matriculados	nº ECTS deben cursar ¹	nº ECTS Presentados Jun	nº ECTS Presentados Jul	nº ECTS aprobs en Junio	nº ECTS aprobs en Julio	nº ECTS suspensos julio	nº ECTS susp aprob en 2º	nº ECTS susp aprob en 3ª	nº ECTS Abandonados	Ts Curso de un bienio				Ts en el Curso Académico (de los 2 bienios)				
												Tasa Rendim Junio	Tasa Rendim Julio	Tasa de Éxito Junio	Tasa de Éxito Julio	Tasa Rendimiento	Tasa de Éxito	Tasa Eficiencia	Tasa Graduación	Tasa Abandono
15-17	2º																			
	1º																		****	
	2º	27	810	810	810	810,0	810	0		0	100	100	100	100						
16-18	1º	14	843	840	870	810	840	0	0	0	96,1	99,6	96,4	96,6	100	100	100			
RESULTADOS POR UNIVERSIDAD																				
USC	2º	10	300,0	300,0	300,0	300,0	300,0			0	100	100	100	100				100	0	
	1º	7	420,0	417,0	438,0	396,0	417,0	0,00			94,3	99,3	95	100	99,6	97,2	100			2,0
UDC	2º	8	240,0	240,0	240,0	240,0	240,0			0	100	100	100	100	100	98,2	100		100	0
	1º	4	240,0	240,0	249,0	231,0	240,0	0			96,3	100	96,3	100	100	98,2	100			2,0
UVI	2º	9	270,0	270,0	270,0	270,0	270,0			0	100	100	100	100	100	100	100		100	0
	1º	3	183,0	183	183	183	183	0			100	100	100	100	100	100	100			2,0

Máster en Neurociencia

Traballos Fin de Máster (TFM)

Os criterios de avaliación dos traballos fin de máster, así como o formato do mesmo, recóllese no Regulamento do Traballo Fin de Máster aprobado pola Comisión Académica (18/09/2015) e que se inclúe na páxina web do máster, e se envía por correo electrónico a todo o alumnado.

Orientación académica

Na USC o grao de satisfacción do alumnado do Máster de Neurociencia coa información e orientación recibida na titulación foi dun 3,01; e na UVI a información e transparencia foi valorada cun 4,00/5. O grao de satisfacción do profesorado en relación ás accións de orientación ao alumnado da titulación foi elevado na USC (4,14 sobre 5) e na UDC (6.75 sobre 7).

Resultados da aprendizaxe

O grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible foi dun 3,80, similar a do curso anterior e superior a do anteriores cursos académicos: 3,53 (curso 2105/16) e 2,40 (curso 2014/15).

O grao de satisfacción dos egresados cos servizos foi alto: un 4,53-4,60 superior a do curso anterior 3,67.

O grao de satisfacción xeral dos egresados co título mostra valores similares aos dos cursos anteriores; no curso 2016/17 foi dun 4,01 superior ao 3,45 do curso anterior 3,88 e o anterior foi dun 3,42. Na UVI o grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas foi dun 4,20 (sobre 5).

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi dun 4,55; similar a valores dos cursos anteriores: 4,26 no curso

2016/17 e 4,15 no curso 2015/16. Na UDC o ítem "O título foi interesante e estaba actualizado" recibiu unha boa valoración (5,67 sobre 7).

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi dun 4,27 lixeiramente superior ao valor do curso anterior (4,06), e en relación ao desenvolvemento do ensino na UDC foi dun 6,88 sobre 7).

A tasa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi dun 22,73% moi inferior a do curso anterior 64,55%, a e similar a do curso 2014-15 (29,17%). E na UVI foi un 50%.

A pesar do esforzo realizado polos coordinadores e docentes do máster por potenciar a participación e avaliación por parte do alumnado, e as mensaxes que se envían dende a Oficina de Calidade en relación aos prazos para cubrir as enquisas, temos (coordinadores, docentes e Oficina de Calidade) que seguir insistindo r sobre a importancia de cubrir as enquisas de avaliación, xa que constitúe un mecanismo fundamental para detectar debilidades na titulación, e así poder solucionarlas dunha maneira máis eficiente.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA).
 - Contorna que permita ao persoal levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
 - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Accións para promover a formación do profesorado.
 - Liñas de investigación.
 - Mobilidade.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Contorna que permita ao persoal de apoio á docencia levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.
 - Avaliación do persoal de apoio á docencia.
 - Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico

Grao de Biología

A cualificación docente e investigadora do persoal académico responsable da docencia do título é boa, con un perfil adecuado. O Grao en Biología contou no curso 2017/2018 cun total de 180 membros do PDI adscritos, dos que 41 son profesores de área externa e restrinxen a súa docencia á titorización dos TFG e 21 teñen un contrato predoctoral do Ministerio ou da Xunta. Na docencia participan profesores/as de moi diversas áreas de coñecemento, o que evidencia o seu carácter multidisciplinar. Destaca a experiencia e calidade investigadora, o 97,32% do PDI é doutor, o 98,1% do PDI ten concedidos sexenios (media de 3,3 para os profesores que os poden solicitar –Catedráticos de Universidade, Titulares de Universidade e Profesores Contratados Doutores) e o 75,89% é funcionario. Respecto á calidade docente o número de quinquenios é de 460 (media de 4,6 para CU, TU e CD).

O profesorado do Grao en Biología está satisfeito coa docencia impartida e a súa valoración é lixeiramente superior nos últimos cursos, tal e como o indican os resultados da enquisa realizada a este colectivo. O valor do indicador IN47G-S01-PM-01 (satisfacción do profesorado coa docencia impartida) é de 4,01 (sobre 5) para o curso 2017/2018.

Dende o curso 2012/2013 ata o 2017/2018 presentan valores moi altos (> 4 na maioría dos casos) os ítems relacionados coa coordinación dos distintos profesores dunha materia, a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título, os recursos docentes e o material de apoio á docencia do centro, así como a satisfacción coa relación creada cos alumnos/as nas clases e nas tutorías (4,71; 4,06; 4,39; 4,28 e 4,09 sobre 5 respectivamente para o curso 2017/18). Tamén aparecen ben valorados, e melloran lixeiramente dende o curso 2012/2013 ata o 2017/2018, a percepción sobre o nivel de comprensión do alumnado (3,96 sobre 5 no curso 2017/18), a satisfacción do profesorado co traballo realizado polo alumnado (3,93 sobre 5 no curso 2017/18) e a actitude de interese polas materias por parte do alumnado (3,86 no curso 2017/18). A participación do profesorado na enquisa mellorou nos últimos cursos sendo do 47,62 % no curso 2017/18.

Como xa se indicou, a valoración que o alumnado do Grao en Biología realiza sobre a docencia recibida tamén é moi boa dende o inicio do grao (o indicador IN46G-S01-PM-01 presenta un valor de 3,92 sobre 5 no curso 2017/18). No curso 2017/18 todos os ítems da enquisa presentan puntuacións superiores a 3,52 (sobre 5). Os mellor valorados (> 4 sobre 5) corresponde ao cumprimento do programa e do plan de traballo, a resolución de dúbidas, a explicación da programación e os criterios de avaliación, a actitude receptiva do profesorado e a coordinación entre o profesorado. Os puntos peor valorados relacionanse con desenvolvemento da capacidade de transmitir información e a aprendizaxe autónoma.

A contorna de traballo axústase ás necesidades mínimas para asegurar unha contorna efectiva. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación obsérvase unha alta valoración (3,69 sobre 5) no epígrafe de "coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal" para o curso 2017/18.

En concordancia co noso obxectivo de mellorar a calidade da docencia, o centro apoia as solicitudes de personal (PDI) realizadas polos departamentos, os cales teñen a encarga do desenvolvemento da docencia.

A consulta (a través de enquisas e reunións de coordinación) co alumnado e cos titores permite manter unha oferta ampla e actualizada de liñas de investigación para a realización dos TFG e TFM.

Máster en Acuicultura

O criterio de selección do profesorado é a súa demostrada relación e experiencia na temática obxecto da docencia que se lle asigna, tanto de tipo teórico como práctica. Isto esíxese ao candidato a profesor/a no momento da súa selección, e os seus CV actualízase cada 2 anos. Respecto as necesidades de PDI, a mediados do curso correspondente analízanse as necesidades de persoal para o seguinte. O profesorado sempre se selecciona en base á súa demostrada e actualizada experiencia na temática da materia a impartir.

Na Universidade da Coruña (UDC) e na Universidade de Vigo (UVI) está implantado o programa DOCENTIA e xa se realizaron avaliacións nos dous últimos cursos académicos. Na USC non está implantado; de todos os xeitos, asumindo que será de inminente implantación, transmitimos aos profesores da USC a necesidade de introducirse nese ámbito.

Máster en Neurociencia

Os datos suministrados pola USC indican que a porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total no curso 2017/18 foi dun 100%, similar a do curso anterior (un 92,86%); superando dende o curso 2015/16 o 90%. A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total e tamén do 100% no curso 2016/17. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total no curso 2016/17 mostra valores similares aos de cursos anteriores (70%). Por outra parte, o 18% do profesorado está interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico. O número de profesores que imparte docencia na UDC é de 11, destes o 72,33% foi avaliado polo programa Docentia e o 100% acadou unha valoración positiva. Por outra parte, o 87,5% do profesorado da UVI foi evaluado polo programa Docentia.

Estes datos indican que o profesorado que participa no título conta cun nivel de cualificación moi alto, e é suficiente para o correcto desenvolvemento do máster. En relación cos datos obtidos na avaliación docente do máster (enquisas na USC e UDC) remarcar a ampla preparación docente e investigadora dos profesores que participan no máster o que se traduce nunha formación esixente e actualizada.

A media de alumnos/as por grupo de teoría foi de 7,95, e a media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva foi dun 8,59.

Participación do persoal docente e investigador en actividades formativas

No curso 2017/18, a participación do profesorado en cursos de formación foi baixa. No Grao en Bioloxía (GB) e no Máster en Neurociencia (MN) participaron en actividades formativas en torno o 12% dos docentes, no Máster de Acuicultura (MA) a participación foi máis elevada (25%) mentres que no de Bioloxía Mariña (MBM) foi só do 3,6%.

O PDI do Grao en Bioloxía mostra unha elevada satisfacción global coas actividades de formación realizadas (> 4,3 sobre 5 do curso 2013/2014 ao 2017/2018) e a meirante parte do profesorado recomendaríalle esas actividades aos seus compañeiros xa que o ítem presenta un valor de 4,42 sobre 5. A enquisa presenta unha taxa de resposta do 51,26% para o curso 2017/2018.

• Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Bioloxía da USC non ten funcións específicas de apoio á docencia dunha titulación concreta, senón que dá apoio a todas as titulacións que se imparten no centro. O PAS do centro está composto por 25 persoas que se estruturan nas seguintes unidades: i) animalario/acuario (2 persoas), ii) biblioteca (6 persoas), iii) conserxería (4 persoas), iv) administración de departamentos (3 persoas), v) persoal de apoio á investigación de departamentos (4 persoas) e vi) administración do centro (decanato, apoio á xestión e asuntos económicos) (6 persoas).

A totalidade do persoal ten dedicación a tempo completo. A súa adecuación queda garantida polo proceso de selección do persoal, que se axusta estritamente á normativa xeral aplicable aos empregados públicos. Así mesmo, a USC preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 44% do PAS da Facultade de Bioloxía participou en programas de formación no ano 2017. A valoración que fan sobre os mesmos é boa xa que a satisfacción do PAS cos programas de formación oscila entre 3,7 e 4,1 (sobre 5), para os anos comprendidos entre 2011 e 2017; e a maioría recomendarían os cursos aos seus compañeiros (entre o 73,6% e o 85,6%). A taxa de resposta a enquisa para o ano 2017 é do 65,59%.

O PAS da Facultade de Bioloxía está moi satisfeito co seu traballo (o valor do indicador IN49C-PS-01 é de 4,53 sobre 5 para o curso 2017-18). Todos os ítems dos distintos bloques da enquisa presentan puntuación entre 4 e 5 pero a participación foi baixa (6,7%).

En relación aos títulos de Máster, aínda que os coordinadores e a Comisión Académica contamos coa axuda dos/as xestores/as académicos/as en cada unha das Universidades, estes ocupanse de numerosas titulacións no centro. Os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título; polo tanto, consideramos que o persoal de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
